

## *Contos da tradición oral de Galicia*

### *O conto do galo Quirico que quería ir á voda do tío Perico*



**Naiara** Este conto que vos vou contar vai do galo máis festeiro de todo o galiñeiro. Éche o conto do galo Quirico que ía para a voda do tío Perico. Chegouche o día da voda e o noso galo ergueuse moi cedo. Lavouse, arranxou as plumas... púxose como nunca se puxera! Todo elegante! Daba gusto velo! Pouco a pouco foise indo pola corredeira que levaba á casa do seu tío Perico.

**Bruno** Cando xa levaba un bo cacho andado viu de súpeto, xusto no medio da corredeira, unha gran bosta de vaca cun verme color rosa enriba. Que delicia! Que apetitoso! E entón chega a dúbida:

**Eloy** —Pico ou non pico? Se pico vou enlizar o pico, e non vou poder ir á voda do tío Perico. Pero se non pico, coa fame que teño non vou dar chegado á casa do tío Perico.

**Lara** Despois de moitas dúbidas non puido resistir a tentación e picou. Vaia se picou, que todo o peteiro emporcou! E claro, agora máis dúbidas:

**Dani** —Que vou facer co peteiro como o teño? Así non podo chegar á casa do tío Perico.

**Mireia** Todo preocupado, cheo de pena e co peteiro cheo de bosta, foi indo ata que chegou a un prado e alí viu á herba. Ao vela, o galo ocorrúselles unha idea:

**Samu López** —Herba, herbiña, límpame o pico que vou para a voda do meu tío Perico!

**Paula** —Limpo, limpo, pero antes tes que dicirme onde está Vermião.

**Samu Gallardo** —Non sei, eu non sei.

**Eva** Nisto que a herba se pon a berrar:

**Ánxela** –Verme! Vermíño! Onde estás?

**Carlos** Tanto berrou que o Vermíño que tragara o galo Quirico oíuno.

**Izan** –Estou aquí! Na barriguiña do galo Quirico que vai para a voda do seu tío Perico!

**Naiara** –Ai, si! Pois agora por mentireiro non che limpo o peteiro!

**Dani** dixo, toda enfadada, a herba.

**Paula** O galo seguiu o seu camiño ata que topou cunha ovella.

**Bruno** –¡Ovella! ¡Ovelliña! Come a herba que non me quixo limpa-lo pico para ir á voda do tío Perico.

**Mireia** Como, como, pero antes tes que dicirme onde está Vermíño.

**Samu López** –Non sei, eu non sei.

**Lara** –Verme! Vermíño! Onde estás?

**Samu Gallardo** –Aquí, aquí! Na barriguiña do galo Quirico que vai para a voda do seu tío Perico!

**Eva** –Ai si! Pois agora por mentireiro non che limpo o peteiro! Despois de atravesar o prado onde estaba a ovella entrou nun bosque. Alí atopou un lobo.

**Carlos** –Lobo! Lobiño! Come á ovella, que non quere come a herba, que non me quixo limpar o pico para ir á voda do tío Perico.

**Eloy** –Como, como, pero antes tes que dicirme onde está vermíño.

**Ánxela** –Non sei, eu non sei.

**Izan** –Verme! Vermíño! Onde estás?

**Paula** –Aquí, aquí! Na barriguiña do galo Quirico que vai para a voda do seu tío Perico!

**Samu Gallardo** –Ai si!;Pois agora por mentireiro non che limpo o peteiro!

**Eva** O galo seguiu o seu camiño, cada vez máis cabreado, ata que atopou cun gran pau.

**Dani** –Pau! Puiño! Pégallo ao lobo, que non quere comer a ovella, que non quere comer a herba, que non quixo limparme o pico para ir á voda do tío Perico.

**Samu López** –Pego, pego, pero antes tes que dicirme onde está vermiño.

**Mireia** –Non sei, eu non sei.

**Eloy** –Verme! Vermião! Onde estás?

**Ánxela** –Aquí, aquí! Na barriguiña do galo Quirico que vai para a voda do seu tío Perico!

**Carlos** Ai si! Pois agora por mentireiro non che limpo o peteiro!

**Izan** –¡Que pau máis retorcido! ¡Máis que pau es un garabullo!

**Naiara** díxolle o galo antes de seguir co seu camiño.

**Bruno** Seguiu andando ata que topou cunha gran fogueira.

**Lara** –Lume! Lumiño! Queima o pau, que non quere pegar ao lobo, que non quere comer a ovella, que non quere comer a herba, que non quixo limparme o pico para ir á voda do tío Perico.

**Samu Gallardo** –Queimo, queimo, pero antes tes que dicirme onde está Vermião.

**Eva** –Non sei, eu non sei.

**Naiara** –Verme! Vermião! Onde estás?

**Carlos** –Aquí, aquí! Na barriguiña do galo Quirico que vai para a voda do seu tío Perico!

**Dani** –Ai si! Pois agora por mentireiro non che limpo o peteiro!

**Samu López** Seguiu andando ata que chegou á ponte da aldea.

**Eloy** –Río! Ríño! Apaga o lume que non quere queimar o pau, que non quere pegar ao lobo, que non quere comer a ovella, que non quere comer a herba, que non quixo limparme o pico para ir á voda do tío Perico.

**Ánxela** –Apago, apago, pero antes tes que dicirme onde está Vermíño.

**Bruno** –Non sei, eu non sei.

**Mireia** –Verme! Vermíño! Onde estás?

**Lara** Aquí, aquí! Na barriguiña do galo Quirico que vai para a voda do seu tío Perico!

**Izan** –Ai si! Pois agora por mentireiro non che limpo o peteiro!

**Paula** Cada vez máis preocupado atravesou o río e seguiu pola beira ata que topou cun burro.

**Mireia** –Burro! Burriño! Bebe a auga do río que non quere apagar o lume, que non quere queimar o pau, que non quere pegar ao lobo, que non quere comer a ovella, que non quere comer a herba, que non quixo limparme o pico para ir á voda do tío Perico.

**Bruno** –Bebo, bebo, pero antes tes que dicirme onde está Vermíño.

**Lara** –Non sei, eu non sei.

**Dani** –Verme! Vermíño! Onde estás?

**Eva** –Aquí, aquí! Na barriguiña do galo Quirico que vai para a voda do seu tío Perico!

**Samu López** –Ai si! Pois agora por mentireiro non che limpo o peteiro!

**Carlos** –Con quen estaba o galo Quirico? Co burro.

**Naiara** Pois ao burro tan mal lle pareceu que lle dixeran mentiras que un couce lle remangou.

**Ánxela** O galo foi escorregando pola beira enchéndose de lama ata que foi parar ó río.

**Paula** De alí saíu todo mollado e enlamado.

**Izan** E como ben supoñeredes, ás vodas non van os galos mollados e moito menos enlamados.

**Eloy** E aquí remata o conto do galo Quirico que quería ir á voda do seu tío Perico.

**Samu Gallardo** E primeiro por larpeiro... e despois por mentireiro non chegou ao bacieiro.

### *Os dous irmáns e o xigante*

**Izan** A miña tía contaba que aló cerca da súa aldea, preto de Lugo, vivía unha muller viúva que tiña dous fillos.

**Mireia** Destes seus fillos sempre se dixera que un era moi listo e o outro, o máis novo, bastante paspán, e que non facía unha ao dereito.

**Ánxela** O listo, que era o máis vello e se chamaba Andrés, un día foi levar as ovellas ao monte. Cando máis entretido estaba, oíu algo que lle fixo mirar arredor, vendo un xigante horrible con unha gran pedra na man, e que, erguéndose cara a el, lle dicía:

**Eloy** –Se te achegas a min, fágoche así!

**Lara** Premendo unha pedra coas dúas mans, desfíxoala, caéndolle entre os dedos coma se fose area.

**Eva** Andrés, ao que dicían o listo, tivo tanto medo que fuxiu cara a casa espantado, deixando no monte as ovellas. Cando chegou á casa preguntoulle a súa nai:

**Naiara** –Que pasou? Onde deixaches as ovellas?

**Paula** O fillo listo contestoulle que as deixara no monte porque lle collera moito medo a un xigante que por alí andaba. Oíndo isto, o seu irmán máis novo, o Camilo, ao que sempre tacharan de parvo, dixo:

**Dani** –Agora vou eu aló!

**Carlos** E, en chegando ao monte, tamén el viu o xigante que facía o mesmo: coller unha pedra entre as mans e, premendo, premendo, deixala caer coma se fose area.

**Bruno** Cando isto viu, liscou cara á casa e pediulle a súa nai unha pouca de manteiga fresca. Coa manteiga volveu ao monte en procura do xigante. O xigante díxolle:

**Samu Gallardo** –Se vés aquí, fágoche así!

**Samu López** –E volveu desfacer a pedra entre as mans.

**Ánxela** O Camilo fíxolle fronte e díxolle:

**Dani** –Pois se ti tamén vés aquí, eu fágoche así!

**Paula** –E apertou a manteiga entre as mans, desfacéndoa.

**Mireia** O xigante que tal cousa viu quedou admirado e propúxolle:

**Carlos** –Se ti queres ser o meu criado, heiche pagar vinte pesos cada día pero cunha condición: tesme que gañar en todo o que fagamos, senón mátote!

**Lara** O paspán aceptou e dixo que si a todo. Entón o xigante falou:

**Eloy** –Mañá pola mañá habemos vir darlle un golpe a este penedo e veremos quen dos dous lle fai un burato máis fondo.

**Samu López** O Camilo colleu medo pero pensou na mellor maneira de lle gañar ao xigante e, cando pola noite foi levar as ovellas á casa, pediulle a súa nai que lle dera un papel, un cicel e un martelo.

**Eva** Coas tres cousas volveu para o monte esa mesma noite e estivo furando no penedo ata facer un burato tan grande que podía meter nel unha man ata o cóbado.

**Naiara** Tapou o burato co papel para que non se vise e volveu para a casa coas ferramentas antes de se ir deitar á casa do xigante, sempre caladiño para que este non se dese conta de nada.

**Bruno** Ao amencer foron os dous cara o penedo para ver quen era o que ía facer o furado máis grande dun só golpe. E dixo o xigante:

**Izan** –Quen bate primeiro na rocha?

**Samu Gallardo** Camilo contestou que primeiro sería el e, dando co puño onde puxera o papel, meteu o brazo ata o cóbado.

**Lara** Despois tocoulle ao xigante e con un forte golpe só conseguiu chegar ata o pulso; rompeu os dedos e díxolle ao paspán:

**Samu López** –Como fixeches ti?

**Ánxela** E contestou este:

**Samu Gallardo** –Dándolle!

**Eva** Aquel día gañoulle ao xigante os primeiros vinte pesos, que lle foi levar a súa nai. Ao día seguinte díxolle o xigante:

**Bruno** –Mañá imos ver quen pincha máis carballos dun só trompazo!

**Dani** Aquela noite o Camilo volveu xunto da súa nai e pediulle un serrón, e con el foi serrar sete carballos, deixándoos só presos pola casca. Volveu levar o serrón á casa e marchou durmir á casa do xigante para que non se dera conta de nada. Pola mañá erguéronse e foron pinchar os carballos, e volveu dicir o xigante:

**Izan** –Ti ou eu?

**Mireia** Dixo o parvo:

**Eloy** –Eu!

**Lara** Deulles con moita forza e tirou os sete que tiña preparados. Despois foi o xigante e tirou tres, e díxolle ao Camilo:

**Carlos** –Ti pareces o demo; sempre me gañas! Pois mañá imos a ver quen come máis papas!

**Naiara** o día seguinte puxéronse a comer nas papas. O paspán comeu sete cuncas e o xigante catorce. Nisto o parvo preguntoulle ao xigante:

**Izan** –Habemos comer máis papas?

**Samu Gallardo**—A min aínda non me chegaron a nada E xa sabes, se non comes máis ca min, só che queda morrer.

**Samu Lopez** –respondeu o xigante.

**Paula** Nisto, o parvo, sen que o xigante o vise, foi á corte dos bois, matou un e quitoulle o fol. Meteuno por debaixo da camisa e volveu para cabo do xigante e seguir comendo nas papas.

**Bruno** O xigante chegou a comer vinte cuncas e o Camilo trinta e sete, e aínda dicía que quería máis

**Naiara** pero non as comía realmente, senón que as ía metendo no fol que lle quitara ao boi e que levaba moi ben agachado por debaixo da camisa

**Dani** Nisto, o xigante, que xa non podía máis, díxolle:

**Carlos** –Gañaches outra vez pero agora heite matar porque non has correr máis ca min!

**Eva** Pola mañá do día seguinte puxéronse a correr arredor dunha leira de pan para ver quen daba antes sete voltas e saber quen sería o vencedor. O xigante corría máis e cando o Camilo chegou xunto del, xa tiña dadas tres voltas.

**Ánxela** Cerca desta leira andaba unha muller segando con un fouciño e o parvo pediulle que llo deixara, e amosándollo ao xigante, díxolle:

**Samu Gallardo** –Agora vou abrir a miña barriga!

**Mireia** En vez de abrir a barriga, abriu o fol do boi que levaba escondido e así corría moito máis lixeiro.

**Paula** Ao ver isto, o xigante tamén lle pediu o fouciño á muller, e abriu a barriga, quedando morto.

**Eloy** Ao final gañou o Camilo, a quen todos chamaban o parvo.

Nome \_\_\_\_\_ Data \_\_\_\_\_

## Lúa

A lúa é velliña,  
de brancos cabelos,  
de engurras de ouro  
e de olliños cegos.

Samu López

Érguese do leito  
das foulas<sup>1</sup> do mar  
palpando os espazos  
para camiñar.

Mireia

Anda polo mundo  
sen ver a onde vai  
pois as estrelliñas  
lévana da man.

Samu Gallardo

Envolveita en néboas  
hase de abrigar  
pois como vai vella  
tense de coidar.

Lara

Cando na alta noite  
brúa o temporal  
a lúa entre as tebras  
tápase a tremar.

Izan

E así que o mal tempo  
amainado vai  
asoma a faciana  
e espalla o luar.

Bruno

LUÍS AMADO CARBALLO

<sup>1</sup> **foulas:** espuma que levantan as ondas  
ao bateren con algo.



Nome \_\_\_\_\_ Data \_\_\_\_\_

## Antenas de mosca

Antenas de mosca,  
escamas de peixe,  
pel de crocodilo,  
cuncha de vieira,  
ás de bolboreta,  
que cores, que estilo!

Ánxela

Gadoupas de gato,  
cornos de bisonte,  
traxe de pingüín,  
dentiños de rato,  
e mil complementos  
que non teñen fin.

Paula

Moda animal,  
moda animal,  
sempre distinta  
nunca é igual.

Carlos

Con mil detalles  
para admirar.

Por onde vaias  
a encontrarás.

Eva

E por sempre ti dirás  
que é unha moda especial.

Debuxos de cebra,  
rabo de cabalo,  
e patas de ra,  
plumeiro de ave,  
e ollos da serpe,  
que axexando está,

Dani


bigotes de morsa,  
bolsa de canguro,  
dente de león,  
manchas da xirafa,  
rabo de raposo  
e pel de visón.

Naiara

Moda animal,  
moda animal,  
sempre distinta  
nunca é igual...

Eloy

ANA M.<sup>a</sup> FERNÁNDEZ



Nome \_\_\_\_\_ Data \_\_\_\_\_

**LEMBRA**

Os **artigos** son palabras que van diante dos substantivos e que serven para concretalos ou determinalos. Poden ser **determinados** (acompañan substantivos que nomean persoas, animais e cousas xa coñecidos) ou **indeterminados** (acompañan substantivos que nomean persoas, animais e cousas non coñecidos).

Os **posesivos** indican a que persoa ou persoas pertence un ser ou un obxecto.

Os **demostrativos** indican a distancia, no espazo ou no tempo, que hai entre a persoa que fala e os seres ou os obxectos a que se refire.

**1 Subliña os artigos e arrodeia os substantivos a que se refiren.**

- A gata de Sara desenleou un nobelo de la.
- As curmás de Laura visitaron unha cidade moi grande.
- Unhas nenas dixéronme que a mestra está enferma.
- Unha amiga miña gañou o concurso de debuxo.
- Os pais mercaron uns pasteis deliciosos.

**2 Escribe o demostrativo de proximidade, de distancia media e de afastamento que pode levar diante cada substantivo.**


► \_\_\_\_\_, \_\_\_\_\_, \_\_\_\_\_ coche

\_\_\_\_\_ , \_\_\_\_\_ , \_\_\_\_\_ paxaros ◀



► \_\_\_\_\_, \_\_\_\_\_, \_\_\_\_\_ plantas

\_\_\_\_\_ , \_\_\_\_\_ , \_\_\_\_\_ boneca ◀

**3 Escribe un substantivo axeitado en cada caso.**

• os meus \_\_\_\_\_

• o voso \_\_\_\_\_

• o seu \_\_\_\_\_

• a túa \_\_\_\_\_

• os teus \_\_\_\_\_

• a súa \_\_\_\_\_

• as nosas \_\_\_\_\_

• o meu \_\_\_\_\_

Nome \_\_\_\_\_ Data \_\_\_\_\_

**LEMBRA**

- Os **numerais** son palabras que expresan cantidade ou orde de maneira precisa. Os numerais poden ser **cardinais** (expresan cantidades exactas) ou **ordinais** (indican a posición dun elemento dentro dun conxunto ordenado).
- Os **indefinidos** son palabras que expresan cantidade ou nomean algo de xeito inexacto.

**1 Subliña de vermello os numerais e de azul os indefinidos deste texto.**

O meu irmán xogou onte o sexto partido do campionato de baloncesto. Gañaron, pero por pouca diferenza: soamente dous puntos! Agora mesmo teñen tres equipos por diante na clasificación. Pero se gañan todos os partidos pendentos, aínda teñen algunha posibilidade de acabar como primeiros clasificados do seu grupo.

**2 Copia os numerais anteriores segundo a clase á que pertencen.**

Cardinais \_\_\_\_\_, \_\_\_\_\_

Ordinais \_\_\_\_\_, \_\_\_\_\_

**3 Copia as oracións escribindo o ordinal que lle corresponde a cada cifra.**

- Paulo é o 1.º alumno na lista. ► *Paulo é o primeiro alumno na lista.* \_\_\_\_\_
- O teu amigo Luís vive no 6.º piso. ► \_\_\_\_\_
- Hoxe é o meu 11.º aniversario. ► \_\_\_\_\_
- Marcos chegou en 3.º lugar. ► \_\_\_\_\_

**4 Completa co indefinido axeitado.**

- Non quedaba \_\_\_\_\_ vaso limpo na lacena.
- Pedireille os apuntamentos a \_\_\_\_\_ dos compañeiros da clase.

Nome \_\_\_\_\_ Data \_\_\_\_\_

### LEMBRA

As **formas verbais** expresan accións que ocorren no **pasado**, no **presente** ou no **futuro**.

As formas dos verbos agrúpanse en **tempos verbais**.

Os tempos verbais poden ser tempos pasados, tempos presentes e tempos futuros.

### 1 Subliña as formas verbais e clasifícaaas segundo o tempo que indican.

- Laura debuxou un monstro moi divertido.
- Irea fará un exame o mércores.
- A miña curmá vive en Madeira.
- Os alumnos non irán á clase este venres.
- Meus pais marcharon de viaxe a Venecia.
- Xerardo e Guillerme son moi bos compañeiros.



Pasado	Presente	Futuro

### 2 Pensa e completa cunha forma verbal axeitada.

- |                             |                         |
|-----------------------------|-------------------------|
| • Por que non me _____?     | • María _____ por ti.   |
| • Ti sempre _____ moi alto. | • El _____ o autobús.   |
| • Xa _____ ese xersei?      | • Antes _____ no coche. |

### 3 Escribe unha oración en presente, outra en pasado e outra en futuro.

- \_\_\_\_\_
- \_\_\_\_\_
- \_\_\_\_\_



Nome \_\_\_\_\_ Data \_\_\_\_\_

Valdeluz é unha cidade moderna, de amplas avenidas arboradas e cheas de flores, e prazas abertas ao ceo. Un ceo que case sempre está claro, con algunha nube debuxada.

Ao fondo da avenida principal está a praza do Concello. Das dúas rúas que saen da praza, os edificios semellan agullas que se dirixen cara arriba para atrapar o sol e as nubes. Os rañaceos aínda parecen máis altos do que en realidade son.

As fachadas de cristal dos edificios reflicten a luz e aínda enchen máis de vida as rúas, polas que a xente transita rapidamente, sen parar, á beira dos vehículos ruidosos. Coches, autobuses, taxis, viandantes... todos cara arriba e cara abaixo nun tráfico incesante.



### 1 Responde estas preguntas.

- Que se describe neste fragmento: os personaxes, os feitos ou o lugar?

\_\_\_\_\_

- Onde se sitúa a escena? \_\_\_\_\_

- Como é este lugar segundo a descrición: alegre, desagradable, tenebroso, desolado, primaveral, bulicioso, tranquilo...? \_\_\_\_\_

- Que elementos dunha cidade moderna se mencionan? \_\_\_\_\_

\_\_\_\_\_


ENVIAR

2 Fai unha lista con todos os adxectivos que saen no texto.

---

---

3 Relaciona cada elemento co termo correspondente e explica que son.



rañaceos

fachada

avenida arborada

- ---
- ---
- ---

4 Explica coas túas palabras o significado da oración *Os edificios semellan agullas que se dirixen cara arriba para atrapar o sol e as nubes.*

---

---

5 Describe brevemente a localidade onde vives ou ben aquela onde esteas.

---

---

---

---

---

---

---

---